

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 26 de setembro de 2018 polo que se somete ao trámite de información pública o documento básico de actuacións no Camiño Inglés en Santiago de Compostela. Treito cemiterio-cruzamento de Meixonfrío, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado (clave AC/18/023.06).

Antecedentes:

Con data do 15 de febreiro de 2017 a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Axencia Turismo de Galicia, a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Santiago de Compostela asinaron un protocolo de colaboración para a mellora e integración paisaxística das entradas dos Camiños de Santiago, en Santiago de Compostela.

Das partes asinantes do protocolo, a Axencia Galega de Infraestruturas, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Vivenda, encargárase da execución material dos traballos que lle correspondan á Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 1 do Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas; e de acordo con encargo recibido o pasado mes de abril de 2017, adjudicáronse os traballos de redacción dos proxectos de construción, así como o control e vixilancia das obras de mellora e integración paisaxística das entradas dos Camiños de Santiago en Santiago de Compostela, de clave: AC/17/012.10, que se desenvolverá en diferentes fases, e cuxo obxecto é buscar unha visión integral do Camiño de Santiago como fenómeno patrimonial, cultural e territorial único, independentemente dos diferentes itinerarios que conflúen no centro histórico compostelán: o Camiño Inglés, o Camiño Francés, o Camiño da Vía da Prata, o Camiño Portugués e o Camiño de Fisterra.

Este proxecto ten como finalidade acadar unha imaxe identitaria internacional común ao longo do Camiño, concretamente para mellorar a integración do peregrino na entrada da cidade de Santiago de Compostela, facilitando a dita percepción e diminuíndo a tensión de tráfico sobre o Camiño, así como favorecendo a mobilidade peonil nesta área ao priorizar o peregrino sobre o tráfico rodado.



Froito de todo isto, elabórase este documento básico: actuacións no Camiño Inglés en Santiago de Compostela. Treito: cemiterio-cruzamento de Meixonfrío, de clave: AC/18/023.06, cuxo obxecto é reordenar o itinerario do Camiño de Santiago ao seu paso polo Polígono do Tambre, mellorando a visual do peregrino ao longo da traza do camiño.

As principais actuacións que se levarán a cabo serán:

- Ordenación e humanización das seccións viarias.
- Reordenación das zonas de estacionamento.

Por último, o artigo 80 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG do 16.5.2018) determina que a aprobación da delimitación dos Camiños de Santiago levará implícita a declaración de interese social e a de necesidade de ocupación dos bens e adquisición de dereitos para os fins de expropiación forzosa, de ocupación temporal ou de imposición ou modificación de servidumes tanto dos tramos necesarios para a funcionalidade da traza coma dos bens localizados no seu ámbito delimitado necesarios para a conservación, protección ou servizo do Camiño.

Considerando todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro. Declarar, de acordo co artigo 80 la Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia, de interese social, e a de necesidade de ocupación dos bens e adquisición de dereitos contemplados no documento básico: actuacións no Camiño Inglés en Santiago de Compostela. Treito: cemiterio-cruzamento de Meixonfrío, de clave: AC/18/023.06.

Segundo. Sométese ao trámite de información pública, para os efectos previstos nos artigos 18 e seguintes da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, e os concordantes do seu regulamento, a relación de bens e dereitos necesarios para a execución do documento básico: actuacións no Camiño Inglés en Santiago de Compostela. Treito: cemiterio- cruzamento de Meixonfrío, por un período de vinte (20) días hábiles, contados a partir do seguinte ao de publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

Terceiro. A exposición ao público, para os efectos da presente resolución, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no



Servizo de Infraestruturas da Coruña (rúa Vicente Ferrer, 2, 15008 A Coruña), na Casa do Concello de Santiago de Compostela (Pazo de Raxoi, praza do Obradoiro, 15705 Santiago de Compostela). Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Vivenda (http://civ.xunta.gal/organizacion/c/CIV_Axencia_Galega_de_Infraestruturas), atópase á disposición dos interesados o documento básico completo.

Santiago Compostela, 26 de setembro de 2018

Francisco Menéndez Iglesias
 Director da Axencia Galega Infraestruturas

ANEXO

Relación de bens, dereitos e propietarios afectados
Actuacións no Camiño Inglés en Santiago de Compostela
Treito: cemiterio-cruzamento de Meixonfrío
Clave: AC/18/023.06

Concello de Santiago de Compostela.

Nº	Ref. catastral	Titular	Tipo solo 1	Situación solo 1	Tipo solo 2	Situación solo 2	Superficie expropiación (m ²)
1	15079A50501158	Herdeiros de Bao Iglesias, Manuel	Solo rústico protección de infraestruturas	Reserva viario			127
2	15079A50501403	Herdeiros de Bao Martínez, José	Solo rústico protección de infraestruturas	Reserva viario			44
3	15079A50501402	Iglesias Blanco, Carmen	Solo rústico protección de infraestruturas	Reserva viario	Solo urbano	Urbanizable industrial	515
4	15079A50501829	Mujico Mata, María Carmen	Solo rústico protección de infraestruturas	Reserva viario			120
5	15079A50501830	Inmobiliaria de Puentes y Calzadas, S.L.	Solo rústico protección de infraestruturas	Reserva viario			119
6	15079A50501530	Mujico Suárez, Francisco	Solo rústico protección de infraestruturas	Reserva viario			169
7	15079A50501531	Herdeiros de Mujico Suárez, José e outros	Solo rústico protección de infraestruturas	Reserva viario			244
8	001001100NH35B	Nieto Gontán, Jesús	Solo rústico protección de infraestruturas	Reserva viario			111

CVE-DOG: szm0ff14-sbw0-gfy2-nxi6-boonpkxv55v8



Nº	Ref. catastral	Titular	Tipo solo 1	Situación solo 1	Tipo solo 2	Situación solo 2	Superficie expropiación (m ²)
9	001001200NH35B	Otero Regueiro, Dorinda e Peón Otero, Jesús	Solo rústico protección de infraestruturas	Reserva viario			214 m ² aglomerado
10	15079A50500355	Mariño del Río, Manuel	Solo urbanizable delimitado	Zona verde			3.014
11	15079A50510354	Vilar César, José Ramón	Solo urbanizable delimitado	Equipamentos	Solo urbanizable delimitado	Zona verde	2.293
12	15079A50520354	Sabel Vilar, José Antonio e María Luísa	Solo urbanizable delimitado	Equipamentos			2.732
13	002000400NH35B	Concello de Santiago de Compostela e Albia Gestión de Servicios, S.L.	Solo urbanizable delimitado	Equipamentos			0*
14	15079A50501342	Entidad Pública Empresarial de Solo	Solo rústico protección de infraestruturas	Reserva viario			175
15	15079A50501343	González Couselo, Dolores	Solo rústico protección de infraestruturas	Reserva viario			249
16	15079A50501344	Vilar Montero, María de los Dolores del Carmen e outros	Solo rústico protección de infraestruturas	Reserva viario			2.222
17	15079A50501351	Couso Vázquez, Manuel	Solo rústico protección de infraestruturas	Reserva viario			1.583
18	15079A50511352	Salgado Viqueira, María Dolores	Solo rústico protección de infraestruturas	Reserva viario			458
19	15079A50521352	Salgado Viqueira, María Dolores e Suárez Salgado, Manuel Ángel	Solo rústico protección de infraestruturas	Reserva viario			1.491
20	15079A50531352	Salgado Viqueira, María Dolores e outros	Solo rústico protección de infraestruturas	Reserva viario			330

